

DATOS IDENTIFICATIVOS						2013_14	
Materia	Fisioterapia Xeral					Código	P05G170V01304
Titulación	Grao en Fisioterapia						-
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre			
	9	Obrigatorio	Segundo	Segundo			
Idioma	Castelán Galego						
Prerrequisitos	Ningún						
Departamento	Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde						
Coordinador/a	Rodríguez Fuentes, Gustavo			Correo-e	gfuentes@uvigo.es		
Profesorado	González Dopazo, Lois Iglesias Santos, Rosa Rodríguez Fuentes, Gustavo <i>Profesor Axudante Doutor</i>						
Web	http://webs.uvigo.es/gfuentes/						
Descrición xeral	Esta materia é unha materia obrigatoria do 2º curso do Título de Grao de Fisioterapia (impártese no 1º cuadrimestre). Nela estúdase o uso terapéutico da masoterapia, da termoterapia, da hidroterapia, da magnetoterapia e da fototerapia, e as súas modalidades. Debido aos seus contidos, é importante ter coñecementos previos sobre anatomía, fisioloxía, biofísica e anatomía palpatoria. Ademais, o seu encadre dentro da Titulación serve ao mesmo tempo para xerar no alumnado, xunto coas outras materias sobre coñecementos básicos xerais e específicos da Fisioterapia, unha base que facilite o desenvolvemento das materias chamadas no plan de estudos como "Fisioterapia en Especialidades Clínicas" e "Estancias Clínicas", en terceiro e cuarto cursos, e que impliquen a interrelación dos coñecementos de valoración e tratamento básicos e específicos empregados dentro do arsenal dun fisioterapeuta para tratar procesos patolóxicos concretos dentro de cada especialidade clínica: traumatoloxía, reumatoloxía, ortopedia, neuroloxía periférica, xenitourinario,...						

Competencias de titulación	
Código	
A2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
A3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
A4	Adquirir a experiencia clínica axeitada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
A5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
A8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.
A9	Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados.
A11	Proporcionarlles unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.
A12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
A13	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
A14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
A16	Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
A17	Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.
A18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.
A19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.

- B1 Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
- B2 Capacidade de análise e síntese.
- B3 Capacidade de organización e planificación.
- B4 Capacidade de xestión da información
- B5 Resolución de problemas
- B6 Toma de decisións
- B7 Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
- B9 Compromiso ético
- B10 Traballo en equipo
- B11 Habilidades nas relacións interpersoais
- B12 Razoamento crítico
- B13 Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.
- B15 Aprendizaxe autónoma
- B16 Motivación por a calidade.
- B17 Adaptación a novas situacións
- B18 Creatividade
- B19 Iniciativa e espírito emprendedor
- B20 Liderado
- B23 Traballar con responsabilidade
- B24 Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
- B25 Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais
- B27 Manifestar discreción
- B28 Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario
- B29 Axustarse aos límites da súa competencia profesional

Competencias de materia		
obxectivos	tipoloxía	Competencias
7D Coñecer e comprender as bases físicas dos distintos axentes físicos e as súas aplicacións en Fisioterapia.	saber	A2
20D Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia.	saber	A19
16D Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia.	saber	A3
18D2 Coñecer e comprender os procedementos de masaxe, Masoterapia.	saber	A3
18D4 Coñecer e comprender os procedementos de Magnetoterapia.	saber	A3
18D5 Coñecer e comprender os procedementos de Hidroterapia, Balneoterapia, Climatoterapia e Talasoterapia.	saber	A3
18D6 Coñecer e comprender os procedementos de Termoterapia e Crioterapia.	saber	A3
18D8 Coñecer e comprender os procedementos de Fototerapia.	saber	A3
18D9 Coñecer e comprender os procedementos de Presoterapia.	saber	A3
2P Valorar o estado funcional do paciente/usuario.	saber facer	A4 A5
5P3 Diseñar e aplicar os procedementos Masoterapia.	saber facer	A4 A8
5P4 Diseñar e aplicar as distintas modalidades de Termoterapia e Crioterapia, Fototerapia, Magnetoterapia e Presoterapia.	saber facer	A4 A8
6P Avaliar a evolución dos resultados obtidos.	saber facer	A4 A9
8P Proporcionar unha atención de Fisioterapia de forma eficaz.	saber facer	A4 A11 A16
9P Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade.	saber facer	A4 A11 A12 A16

11P Incorporar á cultura profesional os principios éticos e legais da profesión.	saber facer	A4 A14	
16P Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar o ámbito en situacións de tensión.	saber facer	A4	
18P Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa.	saber facer	A4 A13 A18	
19P Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade.	saber facer	A2 A4	
1A Traballar con responsabilidade.	Saber estar / ser	A17	B23
2A Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.	Saber estar / ser	A17	B24
3A Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais.	Saber estar / ser	A13	B25
5A Manifestar discreción.	Saber estar / ser	A14	B27
6A Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario.	Saber estar / ser	A14 A19	B28
7A Axustarse aos límites da súa competencia profesional.	Saber estar / ser	A14	B29
1TI Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.	saber facer		B1
2TI Capacidade de análise e síntese.	saber facer		B2
3TI Capacidade de organización e planificación.	saber facer		B3
4TI Capacidade de xestión da información.	saber facer		B4
5TI Resolución de problemas.	saber facer		B5
6TI Toma de decisións.	saber facer		B6
7TI Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.	saber		B7
1TP Compromiso ético.	Saber estar / ser		B9
2TP Traballo en equipo.	saber facer		B10
3TP Habilidades nas relacións interpersoais.	saber facer		B11
4TP Razoamento crítico.	saber facer		B12
5TP Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.	Saber estar / ser		B13
1TS Aprendizaxe autónoma.	saber facer		B15
2TS Motivación por a calidade.	Saber estar / ser		B16
3TS Adaptación a novas situacións.	saber facer		B17
4TS Creatividade.	saber facer		B18
5TS Iniciativa e espírito emprendedor.	Saber estar / ser		B19
6TS Liderado.	Saber estar / ser		B20

Contidos	
tema	Subtema
TEMARIO TEÓRICO	
• Masoterapia clásica.	Principios xerais da aplicación da masaxe clásica.
• Fototerapia:	Radiación infravermella. Radiación ultravioleta. Laserterapia
• Magnetoterapia.	Magnetoterapia
• Termoterapia	Termoterapia Crioterapia.
• Hidroterapia.	Principios da Hidroterapia. Modalidades de aplicación da Hidroterapia.
TEMARIO PRÁCTICO	
• Masoterapia clásica.	Manobras de masaxe clásica.
• Fototerapia:	Radiación infravermella. Radiación ultravioleta. Laserterapia.
• Magnetoterapia.	Magnetoterapia
• Termoterapia.	Termoterapia Crioterapia.
• Hidroterapia	Aplicación das técnicas hidroterápicas. Aplicación das técnicas hidrocínéticas.

Planificación docente			
	Horas presenciais do alumno/a	Horas de traballo persoal do alumno/a	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	29	58	87
Prácticas de laboratorio	42	70	112
Traballos tutelados	1	19	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1
Traballos (Presentacións)	3	0	3

Horas totais E: 225

Carga lectiva en créditos ECTS UVIGO: 9

Metodoloxía docente	
	descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Clases teórico-participativas onde se fomente a participación activa do alumnado, utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. Emprego de forma xenérica de medios audiovisuais, fundamentalmente ordenador persoal e proxector de vídeo. O alumno recibirá ao longo do cuadrimestre as diapositivas elaboradas polo profesor que lle servirán de guía a través da plataforma Tem@.
Prácticas de laboratorio	Nas clases prácticas seguirase unha metodoloxía demostrativa cunha análise razoada de casos prácticos. O profesor mostrará os diferentes métodos e técnicas de Fisioterapia, así como as súas aplicacións. A continuación os alumnos realizarán por parellas a práctica entre eles, sendo corrixidos polo profesor e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta, por unha parte, a posición do usuario/paciente, así como a execución da manobra e, por outra parte, a

altura da mesa de tratamento e a postura do alumno que está a realizar a práctica. As prácticas de laboratorio faranse por grupo no laboratorio de Fisioterapia indicado polo profesor.

Traballos tutelados

O estudante, en grupo, elaborará un documento sobre unha temática da materia. Esta actividade inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción,... Utilizarase a plataforma Tem@.

Atención personalizada

descripción	
<p>Sesión maxistral</p> <p>Prácticas de laboratorio</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>Aparte das titorías xenéricas, que terán un desenvolvemento planificado (6 horas á semana, no caso do coordinador da materia, en horario preestablecido e que se pode consultar na páxina web do profesor - http://webs.uvigo.es/qfuentes - ou na plataforma de ensinanza virtual faiTIC - http://faiTIC.uvigo.es/ -; para o resto do profesorado, consultar a <i>Guía da Titulación</i>), farase un apoio personalizado ao alumnado vía electrónica ao longo do semestre. Este seguimento farase ben a través de mensaxes ao enderezo electrónico do profesor indicando en <i>Asunto</i> "TITORÍAS" (enderezo-e do coordinador: qfuentes@uvigo.es), ben a través do apartado de "<i>dúbdas e opinións xerais</i>" existente na sección de "<i>foros</i>" da materia dentro da plataforma de ensinanza virtual faiTIC (http://faiTIC.uvigo.es/). Dedicarase esta atención personalizada, fundamentalmente, a resolver as dúbdas que o desenvolvemento da materia xere ao alumnado (na teoría, nas prácticas e/ou na realización dos traballos), así como a orientar ao alumnado no traballo a desenvolver para a materia, nas cuestións relativas á avaliación, ou calquera outra cuestión que estea vinculada á materia, así como, se o precisa o alumnado, orientación académica, profesional e/ou persoal.</p>

Avaliación

descripción		cualificación
<p>Sesión maxistral</p>	<p>Exame teórico de 15 preguntas cortas (duración máxima de 1 hora e media). Tódalas preguntas terán o mesmo valor. Para superalo, o alumno terá que acadar, polo menos, 2 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). En todo caso, e de cara a unha posible media co exame práctico, non se poderá acadar menos de 1,6 puntos (corresponde a un 4 nunha escala de 0 a 10 puntos). Ademais, o exame teórico constará de catro bloques e en cada un deles haberá que acadar un mínimo de un 3 (nunha escala de 0 a 10 puntos) para que faga media co resto dos bloques.</p>	<p>O valor final deste exame será do 40% da cualificación final.</p>
<p>Prácticas de laboratorio</p>	<p>Exame práctico onde o alumno contesta dun modo práctico a 5 supostos (cincuenta minutos de duración, máis outros cincuenta como paciente para o compañeiro; deses cincuenta minutos, unha das preguntas de masaxe consistirá en aplicar unha masaxe sobre unha zona corporal durante 20 minutos). Estes supostos prácticos son elixidos ao azar polo alumno dentro do conxunto de casos clínicos que se fixeron ao longo do curso.</p> <p>Todas as preguntas valoraranse de 0 a 10 puntos, pero cun peso diferente dentro do exame práctico. Así, a pregunta longa de masaxe suporá o 40% da cualificación final no exame práctico, o 20% a pregunta de hidroterapia, o 10% a de magnetoterapia e as outras dúas o 15%.</p> <p>En cada pregunta, cada erro (na posición do fisioterapeuta, na colocación do paciente, no tempo de aplicación, na dose,...) descontaralle ao alumno 1 punto nunha escala de 0 a 10. Tamén descontará 1 punto nunha escala de 0 a 10 cada franxa de 5 minutos que se exceda do tempo de exame. Por outra parte, descontará 3,5 puntos cometer un erro grave (fallos no ritmo ou na secuencia de manobras na masaxe; mala adecuación entre intensidade e manobra empregada;...) e 7 puntos se se fai unha aplicación sen ter en conta unha contraindicación. Finalmente, deixar un dos supostos sen contestar descontará os 10 puntos de dita pregunta.</p> <p>Para poder realizar o exame práctico, hai que presentarse primeiro ao teórico. Sacarase listado, tras o exame teórico, co horario de exame para cada parella de alumnos.</p> <p>Farase un sorteo público para determinar a partir de qué alumno da comezo o exame práctico.</p> <p>Para superar o exame, o alumno terá que acadar, polo menos, 2,5 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). En todo caso, e de cara a unha posible media co exame teórico, non se pode acadar menos de 2 puntos (corresponde a un 4 nunha escala de 0 a 10 puntos). Ademais, en ningunha das partes do exame práctico (a correspondente a cada</p>	

docente) poderase acadar menos dun 3 (nunha escala de 0 a 10 puntos) para que faga media co resto das partes.

Á hora de avaliar o traballo tutelado, esta valoración incluíra a valoración do propio traballo entregado polo alumnado, como a súa exposición e defensa. Así, o traballo entregado terá a metade do valor deste apartado da avaliación da materia (valorarase mediante rúbrica cos seguintes apartados: 5% o esquema do traballo; 60% os contidos teóricos; 5% as conclusións sinaladas; 5% a bibliografía; 5% o seguimento das normas de estilo; 15% imaxes empregadas; e 5% a entrega en prazo), mentres que a exposición e defensa do mesmo, valerá 0,4 puntos (tamén será avaliada mediante rúbrica cos seguintes apartados: 15% polo tempo de exposición; 5% polo esquema das diapositivas; 15% polo texto das diapositivas; 20% polo estilo das diapositivas; 10% polas imaxes empregadas; 10% polos vídeos empregados; e 25% pola claridade na exposición) e a avaliación feita polo resto dos compañeiros desa presentación 0,1 punto.

Traballos tutelados

A realización, exposición e defensa do traballo é obrigatoria para superar a materia. Ao mesmo tempo, para a superación do traballo, será imprescindible asistir ás titorías, así como presentar e defender o traballo nas datas establecidas ao inicio do cuadrimestre.

O valor final deste traballo será do 10% da cualificación final.

O traballo terá que ser entregado en soporte informático ao profesor. Tamén pode empregarse a plataforma de ensinanza virtual faiTIC (<http://faiTIC.uvigo.es/>), subindo o conxunto do traballo ao espazo que o grupo terá na mesma dentro da materia. Para a súa valoración, seguirase unha rúbrica (véxase en faiTIC).

Tamén se empregará unha rúbrica para avaliar a exposición e defensa por parte do alumno do traballo realizado (véxase en faiTIC).

O traballo considerase superado se se acada, polo menos, 0,5 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). En todo caso, e de cara a facer media cos exames teórico e práctico, o alumno debe acadar cando menos 0,4 puntos (corresponde a un 4 nunha escala de 0 a 10 puntos).

Outros comentarios e segunda convocatoria

Aos alumnos que non superen a materia, gardaráselles a parte superada para a segunda convocatoria dentro do mesmo ano académico.

Lembrar que para superar a materia, hai que asistir ás titorías, e presentar e defender o traballo dentro das datas establecidas na programación da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía

Básicas.

- * Albornoz Cabello M, Meroño Gallut J. Procedimientos generales de Fisioterapia. Práctica basada en la evidencia. Barcelona: Elsevier España; 2012.
- * Cameron MH. Agentes físicos en rehabilitación. De la investigación a la práctica. 3ª ed. Barcelona: Elsevier España; 2009.
- * Plaja Masip, J. Analgesia por medios físicos. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana, 2002.
- * Torres M, Salvat I. Guía de masoterapia para fisioterapeutas. Madrid: Medica Panamericana; 2006.

Complementarias.

- * Agne JE. Electrotermofototerapia. Santa Maria, RS: O Autor; 2013.
- * Agne JE. Eletrotermoterapia. Teoría e práctica. Santa María, RS: Orium; 2004.
- * Agne JE. Eu sei eletroterapia... Santa Maria: Pallotti; 2009.
- * Aramburu de Vega C, Muñoz Díaz E, Igual Camacho C. Electroterapia, termoterapia e hidroterapia. Madrid: Síntesis; 1998.
- * Arnould-Taylor W. Arnould-Taylor's Principles and Practice of Physical Therapy. 4ª ed. London: Stanley Thornes; 1997.
- * Bachmann RM, Schleinkofer GM. Guía práctica de la hidroterapia Kneipp. Las aplicaciones curativas del agua, paso a paso. Barcelona: Integral; 1998.
- * Basas García Á, Fernández de las Peñas C y Martín Urrialde JA. Tratamiento fisioterápico de la rodilla. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana de España; 2003.
- * Bates A, Hanson N. Aquatic exercise therapy. Philadelphia: Saunders Company; 1996.
- * Becker BE, Cole AJ. Comprehensive aquatic therapy. 2ª ed. Boston: Butterworth-Heinemann; 2004.
- * Bragard D, Decruynaere C. Evaluación del dolor: aspectos metodológicos y uso

- clínico. *Encycl Med-Chir*. 2010; E-26-008-A-02.
- * Braun MB, Simonson SJ. *Introduction to massage therapy*. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins; 2005.
 - * Canamasas S. *Técnicas manuales: Masoterapia*. 2ª ed. Barcelona: Ediciones científicas y técnicas; 1993.
 - * Cassar MP. *Manual de masaje terapéutico: una guía completa dirigida al estudiante y al fisioterapeuta profesional*. Madrid: McGraw Hill-Interamericana de España; 2001.
 - * Castillo Montes FJ. *Fisioterapia acuática*. Jaén: Formación Alcalá; 2012.
 - * Chaitow L, Fritz S. *Guía de masaje para terapeutas manuales: cómo conocer, localizar y tratar los puntos gatillo miofasciales*. Barcelona: Elsevier; 2008.
 - * Clay JH, Pounds DM. *Masoterapia clínica básica. Integración terapéutica-anatómica*. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana de España; 2004.
 - * Clay JH, Pounds DM. *Masaje terapéutico básico: integración de anatomía y tratamiento*. Barcelona: Walters Kluwer-Lippincott Williams & Wilkins; 2009.
 - * Córdova Martínez A, Garcés EG, Seco Calvo J. *Masaje deportivo*. Madrid: Síntesis; 2012.
 - * Crépon F. *Électrophysiothérapie et rééducation fonctionnelle*. 3ª ed. Paris: Frison-Roche; 2002.
 - * Davies B, Harrison R. *Hydrotherapy in Practice*. Edinburgh: Churchill-Livingstone; 1988.
 - * Domenico G, Wood EC. *Masaje. Técnica de Beard*. 4ªed. Madrid: Harcourt Brace de España; 1998.
 - * Duffield MH. *Ejercicios en el agua*. Barcelona: Jims; 1984.
 - * Esnault M. *Rééducation dans l'eau. Étirements et renforcement musculaire du tronc et des membres*. Paris: Masson; 1991.
 - * Fernández EF. *Masoterapia Profunda*. Barcelona: Elsevier Doyma; 2008.
 - * Ferrandez J-C. *Kinesiterapia después del cáncer de mama*. *Encycl Med-Chir* 2010;26-570-G-10.
 - * Ferrandez J-C, Theys S, Bouchet J-Y. *Rehabilitación de los trastornos circulatorios de retorno*. *Encycl Med-Chir*. 2009;26-560-A-10.
 - * Ferrer Anglada . *Masaje avanzado: valoración y abordaje de las disfunciones del tejido blando*. Barcelona: Elsevier-Masson; 2011.
 - * Findlay S. *Guía ilustrada del masaje deportivo*. Madrid: Tutor; 2011.
 - * Fodor L, Ullmann Y, Elman M. *Aplicaciones estéticas de la Luz Pulsada Intensa*. Caracas: AMOLCA; 2012.
 - * Fox J, Kitchen S. *Practical Electrotherapy. A Guide to Safe Application*. London: Elsevier Churchill Livingstone; 2007.
 - * Fritz S. *Fundamentos del masaje terapéutico*. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2005.
 - * Fritz S. *Massage therapy review*. Missouri: Mosby; 2002.
 - * Gallego T. *Bases Teóricas y Fundamentos de la Fisioterapia*. Madrid: Médica Panamericana; 2007.
 - * Gourlaquen C, Roulex JL. *Aquagym: la gimnasia en el agua*. Madrid: Tutor; 1994.
 - * Hérisson Ch, Simon L. *Hydrothérapie et kinébalnéothérapie*. Paris: Masson; 1987.
 - * Hoffa-Gocht-Stor-Lüdke. *Técnica del masaje*. Barcelona: Jims; 1985.
 - * Holey E, Cook E. *Evidence-based therapeutic massage: a practical guide for therapists*. 2ª ed. Edinburgh: Churchill Livingstone; 2003.
 - * Jardí Pinyol C. *Movernos en el agua*. 2ª ed. Barcelona: Paidotribo; 1998.
 - * Johnson J. *El masaje deportivo*. Barcelona: Martínez Roca; 1996.
 - * Kitchen Sh (coordinadora). *Electrotherapy: evidence-based practice*. 11ª ed. London: Elsevier Churchill Livingstone; 2002.
 - * Kitchen Sh. *Eletroterapia. Prática baseada em evidências*. 2ª ed. Barueri, SP: Manole; 2003.
 - * Knight KL. *Crioterapia*. Barcelona: Bellaterra; 1996.
 - * Kotthe FJ y Lehmann JF. *Medicina física y rehabilitación*. 4ª ed. Madrid: Médica Panamericana, 1997.
 - * Koury JM. *Programa de fisioterapia acuática: um guia para a reabilitação ortopédica*. São Paulo: Manole; 2000.
 - * Koury JM. *Acuaterapia: guía de rehabilitación y fisioterapia en la piscina*. Barcelona: Bellaterra; 1998.
 - * Hüter-Becker A, Schewe H, Heipertz W. *Terapia física: termoterapia, mecanoterapia, electroterapia, ultrasonidos, fototerapia e inhalación*. Barcelona: Paidotribo; 2005.

- * Lardry J-M. La sesión de masaje. *Encycl Med-Chir.* 2009;26-120-A-10.
- * Loving JE. *Massage therapy: theory and practice.* Stamford, Connecticut: Appleton & Lange; 1999.
- * Lloret Riera M, Conde Bonachera C, Fagoaga Mata J, León León C, Tricas Moro C. *Natación terapéutica.* 2ª ed. Barcelona: Paidotribo; 1995.
- * Martín Cordero JE. *Agentes físicos terapéuticos.* La Habana: ECIMED; 2008.
- * Martínez Morillo M, Pastor Vega JM, Sendra Portero F. *Manual de Medicina Física.* Madrid: Harcourt Brace de España, 1998.
- * Orihuela Fernández JC. *Masaje y reflexoterapia.* Jaén: Logoss; 2007.
- * Pérez Fernández MR, coord. *Principios de hidroterapia y balneoterapia.* Madrid: McGraw-Hill-Interamericana; 2005.
- * Pilat A. *Terapias miofasciales: inducción miofascial.* Madrid: McGraw-Hill - Interamericana de España; 2003.
- * Prentice WE. *Técnicas de rehabilitación en Medicina Deportiva.* 4ª ed. Badalona: Paidotribo; 2009.
- * Reid Champion M. *Hydrotherapy in Pediatrics.* 2ª ed. Oxford: Butterworth Heinemann; 1991.
- * Reid Champion M, editor. *Hydrotherapy: principles and practice.* Oxford: Butterworth-Heinemann; 1997.
- * Richter P, Hegben E. *Puntos gatillo y cadenas musculares funcionales en osteopatía y terapia manual.* Badalona: Paidotribo; 2010.
- * Riggs A. *Masaje de los tejidos profundos: guía visual de las técnicas.* 2ª ed. Barcelona: Paidotribo; 2010.
- * Robertson V, Ward A, Low J, Reed A. *Electrotherapy explained. Principles and practice.* 4ª ed. London: Butterworth Heinemann Elsevier; 2006.
- * Rodríguez Martín JMª. *Electroterapia en fisioterapia.* 2ªed. Madrid: Médica Panamericana, 2004.
- * Sagrera Ferrándiz J. *Masaje en estiramiento y "técnicas complementarias".* Madrid: Mandala; 2000.
- * Serratrice G. *Contracturas musculares.* *Encycl Med-Chir.* 2011;26-088-A-10.
- * Sinclair M. *Pediatric massage therapy.* 2nd ed. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins; 2005.
- * Vázquez Gallego J. *Manual profesional del masaje: guía práctica.* Badalona: Paidotribo; 2009.
- * Wardavoir H. *Terapias manuales reflejas.* *Encycl Med-Chir.* 2011;26-130-A-10.
- * Watson T. *Electroterapia. Práctica basada en la evidencia.* 12ª ed. Barcelona: Elsevier España; 2009.
- * Wessinghage T. *Aquafit: un entrenamiento global de fuerza, resistencia, coordinación y movilidad.* Badalona: Paidotribo; 2008.
- * Yamaguchi C. *Procedimientos estéticos mínimamente invasivos. Conducta basada en la experiencia clínica y la visión de la estética actual.* Vol. II. Caracas: AMOLCA; 2012.
- * Zaragoza JR, Rodrigo P. *Electroestática y fisioestética.* Barcelona: Nueva Estética; 1995.

Ademais da bibliografía sinalada, na páxina web do profesor (<http://webs.uvigo.es/gfuentes>), no seu apartado de "enlaces" ou ligazóns, facilítaselle ao alumnado páxinas web que poden ser do seu interese, tanto persoal como para levar adiante os traballos, sobre temática relacionada coa materia e coa saúde en xeral.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas/P05G170801
 Fisioterapia en Especialidades Clínicas I/P05G170906
 Fisioterapia en Especialidades Clínicas II/P05G170907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Electroterapia e ultrasonoterapia/P05G170401
 Radioloxía/P05G170V01403

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Anatomía Humana/P05G170101
Bioquímica e Biofísica/P05G170102
Fisioloxía Humana/P05G170103
Fundamentos de Fisioterapia/P05G170104
Afeccións Medicocirúrxicas/P05G170201
Movemento funcional en Fisioterapia/P05G170V01202
Valoración en Fisioterapia/P05G170204

Outros comentarios

Sería conveniente:

- Darse de alta en FaiTIC (se é a primeira vez que se fai, o nome de usuario e o contrasinal é o DNI).
- Ter unha dirección de endereço-e, pois cada vez que se dea un aviso, se suba documentación, etc., comunicarse por esta vía a tódolos usuarios da materia (alumnado e profesor).
- Nos datos persoais, ademais do endereço-e, sería conveniente indicar un teléfono de contacto (onde se vos poida localizar rapidamente en caso de urxencia, normalmente o móbil) e subir unha fotografía (para facilitar ao profesor, sobre todo nas primeiras semanas, a identificación do alumnado).